




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Ría de Viveiro. Municipio: Viveiro. Parroquias: San Xiao de Faro e Santiago de Celeiro. Extensión: 0,28 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Pequena unidade de acantilados moi inclinados tras os cales se desenvolven pendentes pronunciadas que rematan na próxima aliñación de Monte Castelo, polo que o ámbito litoral queda moi limitado. A aliñación está desnivelada tectonicamente da unidade inmediatamente ao norte, polo que o contraste topográfico con esta é importante. Existen evidencias dunha dinámica acantilada activa relacionada cunha densa rede de fracturas.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade pertence ao dominio herciniano, representado por dúas especies rochosas: granodioritas e tonalitas orientadas que ocupan toda a parte máis próxima á liña de costa, agás a parte nordés, ocupada por un granito de dúas micas; e esta última rocha que se estende polo resto desta pequena unidade. No cume do Monte O Castelo, únense estas dúas litoloxías cun dique de pegmatita.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático Cálido e Seco: precipitacións anuais que oscilan entre 800 mm e 1000 mm e temperatura media anual por enriba de 15°C. Os valores medios de amplitude térmica sitúanse entre 12,5°C e 13,5°C.

OS SOLOS

Unidade de características edáficas bastante homoxéneas xa que está formada principalmente por solos do tipo cambisol dístrico, propios das rochas ácidas que compoñen o seu substrato.

AS AUGAS

Vertente costeira próxima á desembocadura do Río Landro pero que non obstante carece de rede fluvial de importancia, e cuxas augas continentais verten á masa de Augas Costeiras da Ría de Viveiro (20107).

O PATRIMONIO NATURAL

Costa protexida polo LIC Costa da Mariña Occidental. Unidade acantilada, o hábitat máis importante é o 1230, Acantilados con vexetación das costas atlánticas e bálticas.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Esta unidade de dimensións reducidas presenta un uso forestal nas proximidades do acantilado e ao redor do Monte O Castelo permitindo entre ambos os dous a existencia dunha estreita banda con parcelas destinadas ao cultivo, as maiores partes das cales están a ser colonizadas por formacións vexetais de ambientes costeiros, onde se superpoñen as infraestruturas de transporte.

MORFOLOXÍA

As escasas edificacións existentes nesta unidade son de carácter espontáneo, relacionadas coa unidade da Area ao norte, ou ben, coa área de influencia periférica de Celeiro ao sur. Trátase de vivendas unifamiliares illadas localizadas próximas á liña de costa arredor dos eixes viarios existentes.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Na estreita banda localizada entre o relevo do Castelo e o sector de acantilado sitúanse as infraestruturas de transporte existentes na unidade adaptándose á orografía do terreo. Deste modo, pódese establecer unha gradación dende o interior cara a costa que distingue os seguintes elementos: o ferrocarril de FEVE procedente do interior da Mariña, a estrada N-642 cun trazado paralelo ao da liña de FEVE e que nesta unidade xa absorbeu o fluxo circulatorio procedente da unidade da Area, e a estrada local de Augadoce a Casanova que bordea literalmente a liña de costa conectando ambos os dous asentamentos.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Ao nordés da unidade localízase, no interior dun predio privado, un cruceiro catalogado como ben de interese cultural e denominado como "Cruceiro do Castelo".

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade caracterízase por ser un espazo de transición entre o ámbito "rural", situado ao norte, que aparece escasamente modificado e que conserva aínda trazos propios do modelo tradicional, e o "urbano", localizado ao sur, onde se atopan os núcleos de Celeiro e Viveiro. As características físicas desta unidade determinan a súa organización, pois se trata dun territorio constituído polas pendentes pronunciadas do próximo Monte O Castelo que se prolongan, sen solución de continuidade, nos acantilados comprendidos entre a Punta de Terra de Pedra ao norte, e a Punta do Altar ao sudoeste.

DINÁMICA DA PAISAXE


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Os principais valores da unidade están en relación coa característica costa quebrada que dá lugar a un amplo número de accidentes xeográficos: Punta da Terra de Pedra, Punta do Becerro, Cova Fría, Punta do Altar. Ademais, este sector constituíase como a porción terrestre máis avanzada sobre a Ría de Viveiro, privilexio que lle foi alterado pola construción do porto de Celeiro, inmediatamente ao sur desta unidade. En calquera caso, segue sendo un magnífico lugar para contemplar ambas as dúas fachadas da ría, ao igual que tamén o é o Monte O Castelo cos seus 181 metros. Os acantilados da unidade supoñen o límite sur, antes de alcanzar as transformadas fachadas marítimas dos núcleos de Celeiro e Viveiro, para o LIC e ZEPVN que percorren toda a costa oriental da Ría de Viveiro.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos












Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



